



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Secretaría Xeral

Aprobación inicial do Regulamento da Mesa de Hostalaría do Concello de Santiago de Compostela.

ANUNCIO

O Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria do 4 de novembro de 2024, aprobou inicialmente o Regulamento da Mesa de Hostalaría do Concello de Santiago de Compostela.

De acordo co previsto nos artigos 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese a información pública o expediente polo prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que todos os interesados e axentes que poidan resultar afectados pola aprobación desa norma poidan presentar as reclamacións e facer as suxestións que estimen pertinentes. Transcorrido o prazo indicado sen terse presentado alegacións entenderase definitivamente adoptado o acordo.

Así mesmo, segundo o previsto no artigo 7 e) da Lei 19/2013, do 13 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a norma inicialmente aprobada publicarase no Portal de Transparencia do Concello, na seguinte ligazón:

<https://santiagodecompostela.gal/gl/transparencia/xuridica/normativa-municipal-en-tramitacion/informacion-publica-e-audiencia>

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2024.

A alcaldesa,

Goretti Sanmartín Rei.

2024/8980